

Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo (Concello de Vigo)

ANUNCIO

Con data 4 de xullo de 2023, o Presidente desta Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:

“Primeiro.- Delegar na Cuarta Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda as seguintes atribucións da Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo:

- 1.—Ostentar a representación da Xerencia.
- 2.—Conferir poderes para pleitos e exercitar accións administrativas e xurisdicionais en caso de urxencia, dando conta ó Consello na primeira reunión que teña lugar, para a súa ratificación.
- 3.—Exercer as funcións atribuídas ó Alcalde pola lexislación xeral en materia de expropiacións.
- 4.—Outorgar cantos documentos públicos sexan necesarios nas actuacións da Xerencia, coa asistencia do secretario da Xerencia no seu caso.
- 5.—Instrución e resolución dos expedientes de declaración de ruína e, no seu caso, adoptar as medidas de seguridade necesarias.
- 6.— Adoptar as ordes de suspensión de obras, actividades e outras actuacións urbanísticas que se efectúen sen licencia ou sen axustarse ás condicións da concedida.
- 7.—Ditar ordes de execución de obras e tramitación dos expedientes..
- 8.—Autorizar e dispoñer de todos os gastos que non sexan de competencia do Consello da Xerencia, nin do Xerente (neste caso conforme con esta delegación presidencial e co límite permitido polas bases de execución do orzamento da Xerencia).
- 9.—A aprobación das bases da convocatoria de selección e provisión dos postos de traballo e o nomeamento de persoal propio da Xerencia así como a resolución dos procedementos de provisión de postos de traballo
- 10.—A cancelación de fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
- 11.—Sinalamento de aliñacións e rasantes.
- 12.—Aprobar as liquidacións de taxas por prestación de servizos, prezos públicos e demais ingresos de natureza pública.



Venres, 14 de xullo de 2023

Núm. 136

13.—Aprobar as anulacións de liquidacións e as devolucións de ingresos indebidos.

14.—A declaración de incumprimento do concreto deber urbanístico e consecuente inscrición no Rexistro de soares e edificación a rehabilitar.

15.—Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire esta delegación.

16.—A tramitación e resolución das solicitudes de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno referida ao ámbito material das súas competencias

17.—Adopción de acordos para dar cumprimento ás obrigas respecto do “Sistema interno de información” establecidas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

18.—Calquera outra competencia municipal que a lexislación atribúa ao Alcalde en relación co plan e xestión urbanística, aos deberes que corresponden aos propietarios do solo, así como en materia de intervención administrativa e protección da legalidade urbanística

19.—A xestión, en colaboración co resto de departamentos do Concello de Vigo, das vivendas que son propiedade do Concello de Vigo. O impulso de medidas de acceso á vivenda a prezo taxado, análise do mercado da vivenda e a súa evolución. O establecemento e xestión de programas e actuacións que contribúan e prioricen a rehabilitación de vivendas e a rexeneración urbana, así como a mellora da eficiencia enerxética.

Segundo.- Delegar no Xerente Municipal de Urbanismo a facultade de autorizar e dispoñer de todos os gastos ata o límite permitido polas bases de execución do orzamento da Xerencia, así como recoñecer a obriga e ordenar todos os pagamentos. En ausencia do Xerente ditas facultades en materia de execución de gasto serán exercidas pola Concelleira Delegada de Urbanismo.

Terceiro.- Comunicar, para o seu coñecemento e efectos, a presente resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e ás xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais a través da súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, e será obxecto de publicidade activa na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.”

Vigo, na data da sinatura dixital

M.^a José Caride Estévez, Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda (Delegación 19/06/2023)

